

Estimado Alcalde:

O pasado día 4 de marzo na cidade arxentina de Magdalena descubriuse unha placa nunha das súas rúas dedicada a Isaac Díaz Pardo, porque alí creou unha fábrica de pezas de porcela.

Como ben sabes, Isaac é fillo adpotivo de Sada, o instituto desta localidade leva o seu nome e tamén unha das avenidas máis importantes do casco urbano, porque no Castro de Samoedo está a fábrica de porcelana emblemática que el creou e de onde partiu a mediados de século para crear a de Magdalena.

Díaz Pardo é unha das figuras máis relevantes da segunda metade do pasado século polo seu labor industrial e cultural, e sen dúbida é a persoa máis importante na recuperación da memoria histórica de Galiza.


Por esas razóns, a Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo mantén relación con persoas de Magdalena e colabora nos actos que alí se realizan na súa honra.

Tamén sabes que hai máis dun ano que vimos mantendo conversas con autoridades de Magdalena de cara a propiciar o irmanamento das dúas localidades e de feito, o teu homónimo, o Intendente Gonzalo M. Peluso cita no seu discurso de descubrimento da placa de Isaac, que se continuará co traballo de irmanamento, interrompido polas eleccións legislativas de novembro de 2021.

A cidade de Magdalena foi moi importante para Galiza non só porque Isaac creou alí unha empresa da que os lugareños gardan un bo recordo, senón tamén porque aquel lugar foi o centro de reunións dos exiliados galegos do franquismo na República Arxentina, converténdose nun centro de ideas e iniciativas, entre as que destaca o nacemento do Laboratorio de Formas.

Por todas esas razóns, a Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo ponse ao teu dispor para seguir colaborando intensamente nesa tarefa de irmanamento de Sada e Magdalena, que pensamos sería algo moi positivo para manter esa memoria viva e para fortalecer lazos culturais e económicos. Por iso, pedímosche que impulses esta iniciativa.

Recibe unha aperta,



Manuel Pérez Lorenzo

Presidente da ACISP